

Os Pinchacarneiros

Este grupo de teatro está formado por actores e actrices con capacidades diferentes. Fundouse no ano 2004 e leva realizadas 6 montaxes de teatro. Actuou en Madrid, Burgos, Gijón... en circuítos normalizados de cultura. Ademais participa dentro dos circuítos culturais da cidade e da provincia de Lugo: Arde Lucus, Mostra de Teatro Cidade de Lugo, Rede Buxiganga da Deputación... realizando ata o momento decenas de representacións para todos os públicos. Todos os actores deste grupo recibiron formación teatral, participando en diferentes cursos (creación de máscaras, maquillaxe, voz, expresión corporal...) formación grazas a cal, as súas representacións son case profesionais.



O Lazarillo do Miño (todos os públicos)

Lugar: Casa da Cultura de Begonte

Hora: 18:00

Sinopse: Esta é unha versión distinta do clásico do Lazarillo. Varios Lazarillos localizados nas terras do Miño, amosan unha realidade poboada de xentes de todo tipo, cegos nada caritativos, ricos que son máis ben mendigos, xente que se aproveita da boa fe dos demais ou persoas que loitan por ter un codelo de pan que levar á boca. Neste contexto, os diferentes lazarrillos deberán tirar do seu enxeño para poder sobrevivir e non morrer de fame. E todo isto con moito humor, danza, teatro e, sobre todo, integración.

Autoría: adaptación libre da obra homónima e anónima *O Lazarillo de Tormes*, idea orixinal de José Colmenero, contando coa colaboración de Giovanni Peixoto e Antonella Sturla

Dirección: Antonella Sturla

Elenco: 13 actores e actrices

Duración: 60 minutos